

PRESTIGE

O que imos contar a continuación é unha das maiores catástrofes que aconteceu en Galicia. O 13 de novembro de 2002 afundiou o Prestige, un barco petroleiro que pasaba pola costa galega. Afundiou en Galicia e esta foi a máis afectada.

A investigación sobre este afundimento concluíu que o naufraxio debeuse a un erro estrutural na popa do barco e outras teorías din que afundiou por unha treboada.

Causou moitas mortes de seres vivos que habitaban ou pasaban polo mar, a todo tipo de fauna mariña, especies coma peixes e aves.

O barco afundiou detrás das Illas Cíes e o peor non só foi que o petróleo manchase toda a costa galega de negro, senón que o barco segue tendo os depósitos cheos baixo a auga. Un depósito deles está soltando pequenas cantidades de chapapote por un pequeno buraco. Pártesenos o corazón cando pensamos que isto pode volver a acontecer. Os depósitos que quedan no Prestige están afundidos cheos de petróleo no seu interior. Estes depósitos, que seguen dentro do barco, nun futuro non moi afastado probablemente rompan pola presión da auga e o noso mar, os nosos peixes, e a nosa fauna mariña, igual se encha de novo de chapapote. Esperemos que non sexa así!. NUNCA MÁIS e BURLA NEGRA; estas son dúas plataformas creadas en 2003 poucos días despois de se afundir o petroleiro Prestige fronte ás costas galegas. A primeira organización aglutinou desde

entón a resposta cidadá ao desastre ecolóxico e á xestión levada a cabo polos diferentes gobernos responsables. A segunda das asociacións mencionadas, BURLA NEGRA, está constituída por intelectuais (escritores/-as, actores e actrices de cine e teatro, ...) que protestan en contra deste desastre ecolóxico.

Agora comecemos coa historia de Andrés, un traballador do Prestige .

O barco viña cheo de petróleo, dende a costa de California de camiño ao Polo Norte, pasando pola costa galega. Andrés tiña medo xa que a tripulación do barco xa sabía que o barco estaba dando graves problemas. Tardaron catro días en atravesar Galicia. Ían camiño ás Cíes a recollerse da treboada, con tan mala sorte que, un par de millas antes de chegar, o capitán perdeu o control do barco porque se rompeu o seu leme dado á mala calidade da súa construción. Ao perder o control chocaron contra unha rocha que asomaba do fondo do mar e concluíu co seu naufraxio. Andrés non o pensou dúas veces e acudiu á bodega onde estaban os depósitos co petróleo. Tiña a intención de tapar o burato que había na parte exterior do barco que comunicaba coa bodega. Non o conseguiu dado que a rotura era de grandes dimensións . No barco xurdiu a anarquía e o que máis histérico estaba era o capitán do barco, que contaxiaba á tripulación cos seus malos pensamentos. Mentres todos estaban moi asustados, Andrés no único que pensou era na catástrofe que isto podía ocasionar. Case de inmediato chegaron os gardacostas a rescatar ás persoas que seguían vivas dado que

moita da tripulación cando o barco estaba en intentos de afundir saltaron á auga nun brote de pánico ao temer pola súa vida .

Xa no barco dos gardacostas a Andrés saltáronselle as lágrimas ao ver todo o petróleo ciscado polo mar, porque cando chocaron, moitos dos depósitos abríronse e o petróleo foi parar ao mar. A tripulación e o capitán estaban moi contentos porque saíran con vida daquela aventura, e non lles importou que o chapapote saíse do barco e se espaxase polo mar .

Unha vez no porto de Baiona o petróleo xa estaba chegando ás praias de toda Galicia e o accidente xa aparecera nas noticias mundiais. Todo a xente xa estaba concienciada polo caso e persoas de todo o mundo xa se estaban desprazando a Galicia para prestar todo tipo de servizos de axuda a Galicia .

Anos despois a catástrofe xa se controlou, pero as rochas de múltiples praias galegas seguen tinguidas de negro .

Xa pasaron vinte anos desde o suceso e Andrés xa ten netos. No colexio, os seus netos están dando este tema, e preguntáronlle ao seu avó cal foi a súa experiencia nel. Andrés contoulles o acontecido, pero suavizándoo un pouco, dado que son pequenos .

No cole contaron o que lles dixo o seu avó Andrés e a profesora catalogouno como un heroe xa que el foi un dos que foi en barco ata as Illas Cíes para facer unha barreira submarina e que as Illas Cíes non saíran moi danadas .

Grazas a iso Andrés está nestes momentos en Madrid recibindo unha homenaxe de recoñecemento do seu bo labor na catástrofe de 2002 .

Pseudónimo: Os/as pescudadores/-as.